

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2023/4	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria urxente Motivo: «Adopción de acordos sobre o Fondo de financiación a entidades locais, para atender obrigacións pendentes de pago a provedores cuxa data límite de solicitude é o 10 de marzo.»
Data	10 de marzo de 2023
Duración	Desde as 9:34 ata as 11:00 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Verónica Tourón Domínguez
Secretaria	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	NON
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel Gonzalez Gonzalez	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ



Verónica Tourón Domínguez	SÍ
Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 492/2023. Adopción de acordos no marco do Fondo de Financiación a Entidades Locais, compartimento Fondo de Ordenación: Autorización de operación de préstamo, adhesión ao plan de pago a provedores e aprobación de plan de axustes.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 4, Abstencións: 0, Ausentes: 1

Sra. Alcaldesa: O motivo deste pleno extraordinario con convocatoria urxente é a adopción de acordo sobre o fondo de financiación a entidades locais para atender a obrigacións pendentes de pago a provedores, como ben di a convocatoria o día límite para poder enviar esta documentación é hoxe 10 de marzo por iso esta convocatoria é extraordinaria e urxente, de feito unha vez rematada a convocatoria teremos que pasar a documentación aos servizos correspondentes para que a envíen e cumpramos o prazo que está estipulado.

Na primeira a parte resolutiva está o expediente 1490/2023 de adopción de acordo no marco de financiación a entidades locais compartimento Fondo de Ordenación: autorización de operación de préstamo, adhesión ao plan de pago a provedores e a aprobación do plan de axuste. Considerando, supoño que todos e todas estaremos de acordo, a importancia deste punto, vamos a tratalo cun tempo extraordinario que son 10 minutos, cinco e tres. Ao ser un sesión extraordinaria urxente e non estar ditaminada temos que ratificar a inclusión do punto na orde do día.

VOTACIÓN RATIFICACIÓN: Sometido a votación a ratificación da inclusión do punto de *“Adopción de acordos no marco do Fondo de Financiación a Entidades Locais, compartimento Fondo de Ordenación: Autorización de operación de préstamo, adhesión ao plan de pago a provedores e aprobación de plan de axustes”* na orde do día, esta foi aprobado por UNANIMIDADE DOS DOCE MEMBROS presentes a esta sesión.

Sr. Rodríguez Davila: Solicito a palabra en nome deste Grupo por cuestión de orde por dous motivos, un dos cales xa vostede deu resposta, que era aumentar o tempo



de intervención e o segundo, é que queremos solicitar a presenza da Sra. Interventora neste pleno porque tal como está convocado este pleno, xa que non houbo Comisión informativa. Tema importante, dicir que este Grupo tivo a información da convocatoria deste pleno telematicamente no día de onte, a documentación antes das 14:30 horas e polo tanto non houbo Comisión previa a ese pleno, polo que non tivemos a oportunidade de preguntarlle ao Goberno certas cuestións e o tema importante aquí é que hai unha contradición entre o que di o informe da Sra. Interventora e o que se pretende aprobar, dado que consideramos, tal e como di a Sra. Interventora, que hai que votar por separado por un lado o que é a solicitude do plan de axuste e por outro a votación de adherirse a ese convenio ou si hai outro pleno, nos gustaría que se nos aclarase antes de entrar en debate e como vai ser a votación, porque só hai un punto na orde do día e non está claro si vamos a votar nunha única votación todo, si vai haber un pleno posterior a este para adherirse a ese préstamo coas entidades, etc... Polo tanto, creo que é importante que nos asista a Sra. Interventora para que nos aclare, xa que non hai un informe de Secretaría senón que hai un solo informe de intervención e si que nos gustaría que estivese presente a Sra. Interventora para que nolo aclarase.

Sra. Pereira González: Hai dúas propostas e o punto pon “adopción dos acordos” entendo que se van facer dúas votacións pero o debate vai ser único para todo o expediente, pero hai dúas propostas Santi, hai unha proposta de solicitude de adhesión ao plan e hai unha proposta de formalización de préstamo.

Sra. Alcaldesa: Repito, hai dúas proposta no expediente unha é “proposta de acordo asunto: solicitude de adhesión al plan de pago a provedores y presentación del plan de ajuste” e a segunda é “proposta de acordo asunto: formalización del préstamo con el fondo de financiación entidades locais compartimento fondo de ordenación”, entendo que un único debate e dúas votacións.

Sr. Rodríguez Davila: Nós non a atopamos, o que está claro é que na convocatoria nos asuntos da convocatoria non veñen dous puntos e na proposta de Alcaldía que nos temos hai unha única proposta, salvo que se trasapelase outra proposta de acordo. Nós no expediente solo atopamos esta, a todo isto comprenderan tamén que dende onte que se nos notificou as dúas e media, que o empezamos a mirar as oito e pico da tarde, loxicamente os centos de documentos un por un é imposible revisalos. Dito isto na convocatoria, na orde do día só ben un único punto e aquí non pon votación por separado e o lóxico é que na convocatoria viñeran dous puntos tal como acaba de ler vostede por separado e non habería error ou confusión. Antes de empezar o debate xa estamos vendo o que se vai a votar como se vai a votar, porque xa digo, na orde do día non está separado os puntos e non está claro o que se vai a votar nin como se vai a votar, aquí está unha proposta conxunta de todo iso.

Sra. Alcaldesa: Volvo a aclarar para que quede claro. En primeiro lugar no expediente si que está toda a documentación, hai as dúas propostas, lin antes cales son as dúas propostas e si hai un único debate e hai dúas votacións, unha por cada proposta.



En canto ao recibir a documentación o xoves as dúas e media da tarde, é certo que se convocou o pleno a esa hora do día, porque foi cando se rematou a preparación do expediente por parte dos departamentos que tiñan que resolvelo, ademais tiñamos só dez días, un documento complexo ao que hai que agradecerlle o traballo tanto da compañeira de Facenda como do departamento intervención e tesourería porque conseguir facelo neste tempo tan reducido que se nos marcaba. Creo que está claro, un punto na orde do día, dúas votacións e un debate, as dúas propostas están, como dicía antes, no expediente do pleno, sabemos que houbo pouco tempo de estudio da documentación, nós mesmos tivemos pouco tempo porque se rematou o expediente, como dicía, as dúas e media da tarde. Agradecer ese traballo e o que nos toca debater hoxe é o punto que traemos hoxe aquí.

Sra. Pereira González: En primeiro lugar, agradecer por ratificar a urxencia de inclusión deste punto. Sabemos que o tempo foi limitado tanto para estudio como para acceso a documentación, pero crédeme que foi para todos. Os tempos cos que xogamos foron escasos dez días e o prazo comezou o día 27 luns, cando nin sequera estaba habilitada a plataforma e non podíamos saber cales eran os datos que ían a solicitar e o traballo efectivo empezou a partir do martes, se fixo en tempo récord o máximo que se puido.

Quixera ao igual que a Alcaldesa dar as gracias, antes de empezar cos detalles do expediente, aos departamentos de Intervención e Tesourería moi especialmente a Tesoureira e a Interventora Municipais, porque levan dúas semanas traballando sen descanso para poder traer hoxe este expediente completo ao pleno, recopilando a documentación necesaria, aportando os datos necesarios, aportando propostas para axudar a levar a diante este plan, por iso gracias unha vez máis e tamén aos compañeiros de goberno, porque ademais se deu a circunstancia de que esta semana eu non puideren estar de maneira presencial no Concello e isto complicou bastante máis a tramitación do expediente.

Dito isto, dende finais de febreiro tiñamos coñecemento de que por parte do Ministerio se nos incluía ao Concello de Salceda nun listado de Concellos que de maneira voluntaria se podían adherir a un plan de pago a provedores, un plan que consiste que dende o fondo de financiación ás entidades locais nos conceden un préstamo con un importe máximo de 2.203.230€ para saldar a conta 413, o que ven a ser o recoñecemento extraxudicial de crédito, que como todos sabemos, que nos últimos anos está alcanzando unhas cifras máis elevadas do que debería e tamén do que nos gustaría, polo tanto, coa concesión deste crédito se saldaría o recoñecemento extraxudicial de crédito sen que impactase no orzamento de 2023, que é o problema que vimos arrastrando ano tras ano coa carga do recoñecemento extraxudicial de crédito que deixa moi mermadas as partidas para o ano. Entendemos polo tanto, que este plan é positivo para o Concello e que chega nun momento necesario. Evidentemente ten unha contrapartida grande, xa que dende o Ministerio se nos está financiando ese crédito necesario para saldar a débeda para



poñer ao día o pago aos provedores, se nos obriga a realizar un Plan de axuste, de maneira que a Corporación se comprometa a reducir gastos a incrementar ingresos pois é evidente que hai un desequilibrio entre gastos e ingresos e que no noso caso se toma como referencia esa cifra de 2.200.000€, que ven determinada polo PMP do terceiro trimestre polo tanto non é exactamente a cifra de REC pero se aproxima bastante.

Como digo, a contrapartida de realizar ese plan e axuste que este pleno ten que aprobar hoxe e que hoxe mesmo hai que deixar subido á plataforma do Ministerio e nos próximos días terán que validar e aprobar este Plan e continuará a tramitación do expediente, que é a formalización do crédito, que tamén ten que quedar hoxe aprobada tal como dicíamos, nun punto separado. É un único expediente con dous puntos de aprobación diferentes. A continuación viría o trámite máis tedioso que será a mediados de abril, que se terán que subir todas as facturas que se pretenden imputar ese crédito a plataforma. Os provedores teñen tamén un prazo para aceptalo e finalmente o expediente concluirá co pago destas facturas, que ten como data límite o 16 de maio, polo tanto estamos dende marzo, é un expediente que en dous meses se verá finalizado.

En canto ás condicións do préstamo que ten como cifra máxima eses 2.200.000€ pero que neste momento non sabemos cal será a cifra exacta, porque como dicía hai que subir as facturas por ese importe e despois os provedores teñen que aceptalas, polo tanto, si hai provedores que non aceptan ese pago a través do Plan de pago a provedores o importe se verá diminuído. En todo caso estimamos que será unha cifra bastante aproximada. Ten como duración ata o ano 2035, un tipo de interese do 3,5% e catro anos de carencia, isto quere dicir que durante os catro primeiros anos só se van a pagar os intereses e que a carga máis forte virá no ano 2028, cando se comece a amortizar realmente capital.

En canto ao plan de axuste, como se poden imaxinar, non é agradable elaborar un plan de axuste, non é fácil tomar esas decisións porque un plan de axuste ao que obriga é a dúas cuestións fundamentais que son reducir o gasto e incrementar o ingreso para tratar de corrixir ese desequilibrio que hai entre gastos e ingresos e que como vimos reiterando dende hai moito tempo, os Concellos asumimos competencias e tarefas por importes moito máis elevados da capacidade de financiación que temos, os recursos de financiación dos Concellos son moi limitados e precísase cambiar este sistema con urxencia non serve de nada estar acudindo ciclicamente cada dez anos a plans de rescates aos Concellos que ademais teñen unha contrapartida alta, como son os plan de axuste e que hai que devolve-lo, por suposto, o que se necesita é reformular o sistema de financiación aos Concellos. Como dicía, elaborar un plan de axuste non é fácil, as decisións son duras, o plan de axuste que se pretende aprobar ten un apartado de redución de gasto e un apartado de incremento de ingreso. En canto á redución de gasto, propóñense unha serie de medidas que son medidas de aforro e de redución de gasto real, en ningún caso estamos falando de diminución da partida do orzamento, aínda que a liquidación no



está feita, si é certo que do programa de contabilidade xa podemos extraer os dereitos recoñecidos do ano 2022, e escollemos unha serie de partidas no que o gasto estivo moi por encima do importe presupostado e polo tanto, entendemos que nesas partidas se pode facer un maior esforzo en redución do gasto, en axustarse nun novo orzamento xa que levaron un gasto máis importante neste ano. En canto ao aforro, as medidas que se pretenden aprobar neste Plan son, por un lado 150.000€ de aforro co cambio de luminarias a led de todas as bombillas do Concello que se levará a cabo nos próximos meses cunha subvención que recibimos da Unión Europea. É posible que a cifra sexa maior pero debido a un criterio de prudencia e cos datos que temos estimámoslos neses 150.000€. Outros 150.000€ coa licitación do servizo de limpeza, é un traballo que xa estaba bastante avanzado que se pretendía levar a cabo proximamente e por iso xa tiñamos un informe que cuantificaba a cifra e que podemos datar en 150.000€. Propostas de aforro noutras partidas como son pavimentación de estradas e instalacións deportivas de 170.000€ e 70.000€, respectivamente, estes son os exemplos aos que me refería anteriormente, son partidas que excederon en moito o importe orzamentado polo tanto se entende que si no 2022 se fixo un elevado gasto quedaron cubertas diversas necesidades e que se pode reducir ese gasto para o 2023 e axustarse ao importe orzamentado. Por último unha redución de 10.000€ na subvención para as traídas de augas, unha decisión difícil xa que foi unha aposta e un proxecto deste equipo de goberno pero tamén entendemos que no plan de axuste de 2012 se rebaixaron as subvencións nominativas a clubs e a asociacións, dende entón non volveron a subirse as contías polo que unha segunda baixa a esas subvencións nominativas nos parecía inxusta. En todo caso tamén entendemos que as subvencións nominativas necesitan unha revisión, unha reestruturación de criterios, para establecer uns criterios máis obxectivos e máis equitativos. Por último, se propoñen outras licitacións, tamén necesarias nas que estamos a traballar pero que non están tan avanzadas como no caso da limpeza, como poden ser os servizos de telefonía, enerxía eléctrica e gasóleo. Creemos que licitando eses servizos se pode conseguir un aforro importante aínda que non o podemos cuantificar porque como digo non está tan avanzado como está o caso da limpeza.

Polo que respecta a ingresos, a decisión máis dura e difícil de tomar a subida impositiva do tipo do IBI do 0,5 unha decisión difícil, desagradable porque ademais foi esta Corporación a que aprobou a baixa ao 0,4 tras o proceso de revisión catastral, pero sendo realistas e sabendo cales son ingresos do orzamento de Salceda é a única vía de conseguir un aumento de ingresos real e tamén a única opción viable de contar co informe favorable de intervención, como sabedes ademais é necesario, neste caso cifrase en 275.000€ esa subida. Hai que ter en conta que a recadación nestes últimos anos é bastante complexa de determinar pola revisión catastral, hai expedientes que están en revisión, expedientes que están mudando, é unha cifra estimativa. Outras das medidas é o reforzo de execución en vía executiva e voluntaria, unha cuestión que creo que é de xustiza a veces por falta de tempo e por falta de medios non vai tan ao día pero si que é unha cuestión a reforzar agora tamén que os departamentos están xa ao completo dotados do persoal todo, entendo que



se pode levar máis ao día. Terceira medida, revisión de taxas e prezos públicos,, aquí falamos en concreto de dúas taxas que se poden cuantificar como pode ser a de terrazas que durante a pandemia se suspendeu pero que se debe retomar con urxencia e tamén a taxa de entrada a piscina, a cifra que se propón é estimativa, como ben sabedes no momento no que se vaia a levar a cabo a revisión desa ordenanza, precísase un estudio económico financeiro que determine cal é o prezo que se debe cobrar, facendo unha comparativa con outros prezos será algo semellante. É unha taxa moi antiga, non se actualizou no seu tempo, creo que ata esta traducida de pesetas a euros, chegado este momento coa reforma importante que levou a cabo a piscina tanto no vaso como este verán tamén se verá materializada tamén a instalación de vestiarios creo que é momento de adaptala aos tempos que corren. A revisión de outras taxas e prezos públicos que non cubran os custes reais, é certo que neste apartado non hai traballo avanzado, non estabamos traballando nesa liña pero si é certo que sabemos que hai moitas taxas que non cobren o servizo e polo tanto chegado este momento e estando inmersos neste plan de axuste haberá que revisar para axustalas. Hasta aquí as medidas do plan de axuste, como digo non son prato de gusto, créanme que non era o que máis ilusión me facía estar facendo no mes de marzo pero o plan chega cando chega, hai que ser responsable e creo que o serio é acollerse a este plan para poñer ao día a situación económica do Concello.

Sr. Rodríguez Davila: Hoxe lamentablemente é un día triste para os Salcedenses porque unha vez mais queda de manifesto a nefasta xestión deste Goberno en canto ao económico, por non dicir outras cuestións, hoxe é a ratificación da proba evidente de que durante todos estes últimos anos vimos este Grupo manifestando, como digo, a mala xestión orzamentaria, a non planificación, o non rigor, o despilfarro, gastar por gastar e dende o Goberno se nos dicía que todo estaba controlado, que había superávit, que había miles e miles de euros nas contas, que todas as partidas no presuposto tiñan crédito, que nós eramos alarmistas, que non era para tanto, erre que erre, e a realidade é que lamentablemente, hoxe aquí o Goberno nos trae non só acollernos a un plan financeiro para pagarlle a provedores, que iso é o menos malo, iso é o sensato, o coherente e dun Goberno responsable que non é capaz de facer fronte as súas débedas, o problema é que iso leva a obrigación de facer un plan de axuste que van a pagar os Salcedenses por culpa de un goberno que leva anos e anos non asumindo a realidade, non tomando medidas e seguindo campando as súas anchas no gasto económico sen tomar ningún tipo de medida en ningún eido na estrutura municipal.

Vostedes tiveron notificación disto o 23 de febreiro e vostede empezou o expediente administrativo o día 8 de marzo, e dicir, fai dous días, a providencia de Alcaldía que vostede asina electronicamente ten data do 8 de marzo. Vostede di e insta ao departamento a que inicien os trámites para acollerse a este plan, iso punto un. Punto dous, dixemos inicialmente que queríamos a comparecencia da Sra. Interventora, xa vexo que a Sra. Alcaldesa non ten ningunha intención, nós queremos preguntar ata onde vai chegar este plan recolle todas e cada unha das facturas



pendentes do ano 2022, nós queremos saber si este préstamo de 2.200.000€ recolle todas e cada unha das facturas pendentes e pago do ano 2022 ou só é ata o 30 de setembro, é dicir, só é ata o peche do terceiro trimestre. Iso é moi importante porque aquí estaa cuestión de si vai a vir outro recoñecemento extraxudicial de crédito de facturas pendentes de pago encima destes 2.200.000€ e encima dos 820.000€ que recoñecemos. Creo que é importante que se aclare isto, por iso queremos que veña a Sra. Interventora e que nolo diga, porque lamentablemente do Goberno xa temos moitas dúbidas que se nos diga a verdade porque as probas nos remitimos que levan vostedes non dicindo a verdade dende hai moito tempo respecto da situación deste Concello e polo tanto creo que é importante isto.

Sra. Alcaldesa: Hai unha Concelleira de Facenda co cal creo que lle pode repostar creo que ao cen por cen das preguntas que lle vai facer e senón as aclaramos calquera. Creo que é unha falta de respecto dicir que esta Corporación ou este equipo de Goberno minte nun pleno, nun espazo institucional como pode ser a sala de plenos constantemente porque o portavoz do Partido Popular o di, eu lle pido que non vai por esa liña porque estamos nun pleno, non estamos nun mitin electoral, nin estamos en ningunha outra cuestión diferente, co cal, que non se crea do equipo de goberno o que se fala nos plenos me parece que é unha acusación grave que non debe facerse e que o pleno non debe coller ese sentido, co cal lle rogo que se cinga ao punto que traemos e teñamos este pleno nas condicións que debamos telo porque efectivamente é un pleno serio.

Sr. Rodríguez Davila: O pleno é serio, o que non é serio é o goberno e agora non vai dicir vostede o que teña que dicir eu respecto do que o goberno di, fai ou deixa de facer faltaría, ata aí chegarían as bromas ou é que non teño dereito a expresarme libremente, ou é que lle faltei a alguén ou que non é certo que o Goberno nos estivo enganando todos estes anos respecto da xestión económica, ou que non é certo que reiteradamente levamos advertindo ano tras ano do que ía a suceder e aquí estamos, ou vostede que se cree, que vou a deixar de dicir o que realmente é a realidade porque vostede mo di, non. Mire, este Grupo manifesta libremente a realidade do que está a suceder neste Concello dende fai moitos anos e aquí vostedes se tomaron a cachondeo a xestión económica e así nos vai. O problema non é que o sufrira o Goberno, o problema é que o sufran os veciños a través de suba de impostos, de taxas, de recortes, etc... esa é a realidade e a vostedes iso non lle gusta, por iso traen vostedes un pleno extraordinario urxente pola mañá e non queren, unha vez máis, transparencia e que se enteren, pero non se preocupe que os veciños por suposto que van a saber de todo isto.

Van a pedir vostedes o maior préstamo da historia do noso Concello, nunca antes se pediu un préstamo desta cantidade. Non é un préstamo para facer un pavillón novo, unha circunvalación, un centro de día, unha escola infantil, no é para iso. De 61 concellos da provincia, catro obrigatorios para acollerse a isto e dez voluntarios de 61, e din vostedes que os Concellos non teñen recursos, entón que pasa, os demais como fan? Van vostedes a hipotecar para os próximos dez anos aos salcedenses cun recoñecemento de que temos un débeda superior a tres millóns de euros a día de



hoxe, vostedes traen aquí un plan de axuste que pagaremos e sufriremos todos os salcedenses. Subirannos vostedes o IBI de novo do 0,40 ao 0,50 o tipo estaba no 0,48 antes de que nós propuxeramos baixalo ao 0,40 e agora vostedes outra vez o volven a subir non ao 0,48, senón ao 0,50% o tipo, vostedes lle van a incrementar en máis dun 25% a urbana a todos os inmobles do noso Concello para o ano 24 as casas, os pisos, as fincas, as piscinas, a todos despois do maior sablazo económico a través do catastrazo, unha redacción extra de máis de 400.000€ nos últimos anos, porque vostedes non fixeron nada para impedilo a través do catastrazo, agora aínda por enriba lle meten vostedes un aumento de máis de 275.000€ de recadación extra na urbana para o ano 2024, revisión de taxas municipais, cales? A que dixo só vostede ou todas? Porque nós nos tememos que van a revisar todas, o recibo do lixo, a taxa de licencias de obras pero iso non o di no plan de axuste, non vaia a ser que asustemos demasiado aos veciños, pero seguro que vostedes van a revisar todas as taxas, aumentando a recadación a través das licencias e das taxas municipais, recibo de lixo, taxa de licencias de obras, taxa por ocupación de vías públicas, terrazas, a piscina municipal, pasando de non pagar nunca os nenos de 0 a 10 anos a pagar de 4 anos en adiante, aumentando en máis dun 38% a recadación pola entrada a piscina municipal. Vostedes resulta que na redución do gasto pasan de perfil, resulta que vostedes van a reducir o gasto en mantemento e instalacións municipais. Din vostedes que prevén reducir ese gasto en máis de 170.000€, resulta que xa están ben segundo vostedes o mantemento das estradas municipais e instalacións que vostedes lle van meter un hachazo de case un 50% nesa partida. Vostedes van a reducir o gasto das subvencións ás traídas de augas pasando de 30.000€ a 20.000€, unha redución do 33%, pero resulta que vostedes non reducen nun só euro o custe deste Goberno, aí si que vostedes podían facer unha redución moi importante. Nós non estamos en contra de dedicación nin do número, estamos en contra do custe total do goberno e no custe total do goberno. Nós aos Salcedenses lles dixemos que vamos a reducir en torno a un 20 ou máis por cen do custe total e a iso nos seguimos comprometendo e iso é posible, iso é viable e iso é compatible con ter dedicacións exclusivas neste Concello, o que non podemos e vir a aquí a vivir todos do Concello, o que non podemos é cobrar todos do Concello, salvo un que non ten dedicación, os demais parciais ou completas, isto é unha sangría e a isto hai que poñerlle coto e solución e iso faremos si os Salcedenses nos dan a oportunidade a partir do mes de maio deste ano, porque non é sostible no tempo manter o goberno máis caro da historia do noso Concello. Non é posible manter o goberno máis caro de Galicia en función do orzamento e de poboación, non é posible ter o despilfarro nas dedicacións que temos no día de hoxe. Resulta que en pandemia, que sufrimos todos, lamentablemente as empresas tiveron que tomar medidas, ERES, incluso despidos lamentablemente, pero vostedes durante a pandemia seguiron cobrando todos exactamente igual como si non pasase nada. Era necesario ter dedicacións en cultura, en deporte, etc... cando lamentablemente non había ningunha actividade cultural, nin deportiva, era necesario iso? Porqué vostedes non tomaron medidas ao respecto? Porqué vostedes non fixeron un plan de axuste económico e reducisen miles de euros aos Salcedenses durante eses anos e así non estaríamos na situación que estamos, pero non, aquí seguimos gastando, despilfarrando e non pasa nada, xa



o arreglamaremos a través de créditos como este e xo pagaran os Salcedenses a través da maior suba de impostos da historia, a revisión das taxas municipais, etc... así non vamos ben.

Levamos anos dicindo e a realidade nos da a razón, resulta que vostedes pasaran á historia por ser o Goberno máis dañino, politicamente falando, para os Salcedenses. Vostedes son o goberno máis ineficaz, máis dividido e o peor xestionando as arcas municipais. Resulta que vostedes é o Goberno que máis subiu a débeda deste Concello na historia, récord de facturas sen pagar, récords do REC, récords en recortes de subministros, lle cortan o servizo telefónico, lle cortan o servizo de combustible, lle cortan o servizo de material, é lamentable e triste o que está pasando e o problema non é que o sufran vostedes que iso sería secundario, o problema é que o sofren e padecen os salcedenses a través do seu Goberno, que non está a altura dos salcedenses.

Para rematar e o resume da miña intervención, é que vostedes hipotecan o Concello para os próximos dez anos. Vostedes piden o préstamo máis alto da historia de Salceda, vostedes van a subir de novo os impostos e as taxas municipais a todos os veciños, vostedes van a subir o IBI para os próximos anos a todos os veciños, casas, pisos, piscinas, fincas a todo recadar, recadar e gastar, gastar iso é o resume dun goberno que di ser de esquerdas e progresista, en resume un Goberno ruinoso para os Salcedenses.

Sra. Alcaldesa: A verdade é que como mitin para as eleccións de dentro duns meses está ben, pero agora como argumentario para un pleno tan importante coma o de hoxe, me queda bastante coxo por parte do Grupo do Partido Popular. Creo que cando un Goberno de España toma unha decisión de botar unha man aos Concellos, non só ao de Salceda, será porque a situación dos Concellos e a situación vivida nos últimos anos no contexto no que nos movemos é complexo, igual que o é para as familias, igual que o é para as empresas, igual que o é para cada un de nós no día a día en situacións, non só económicas, senón sanitarias como as que tivemos ou desafortunadamente, a que nos provoca a guerra existente neste momento, etc.. Entendo que cando un Goberno Central toma este tipo de decisións será porque esta cuestión non é so para un Concello, senón para moitos, ademais é unha cuestión necesaria e repito non é o primeiro plan de axuste que se aproba no Concello de Salceda.

Entendo que o Partido Popular coñece, sabe o que é un plan de axuste, entre outras cousas por que si desta vez non lle deu moito tempo a mirar, hai moitos Concelleiros que estiveron no anterior que saben e coñecen como é. Desafortunadamente, como ben dicía a compañeira Lucía, creo que nin ela, nin eu, nin ningún dos compañeiros que están neste Goberno, é de bo gusto traer isto aquí no mes de marzo, pero é unha solución, unha parte da solución aínda que a definitiva pasa, insisto, no que dicía a compañeira de Facenda, en que a financiación dos Concellos ten que cambiar. Está claro que nós, sexa ese equipo de goberno ou sexa outro, a realidade é que o



orçamento do Concello non é suficiente para dar os servizos que necesita unha poboación de 9.500 persoas. Salceda ten moitas cousas boas, unha delas é que seguimos crescendo en poboación, estabilizando esas persoas que se achegan a vivir en Salceda que fan o seu fogar aquí, un lugar que se elixe para vivir, pero ese crecemento tamén nos leva a ter que prestar moitos máis servizos dos que pode prestar un Concello no que a súa poboación vai en crecemento e se fai cada vez maior. Nós temos unha segunda cuestión, que é que nós somos un Concello cunha taxa media de idade moi baixa, o que supón tamén máis dinamismo moita máis necesidade de financiamento.

Lucía fixo unha clara exposición de cales son as medidas a tomar, si ben é certo que cando fas un plan de axuste todo o mundo cree que podemos quitar de aquí, quitar de alá e cada un da a súa visión, incluso entre nós mesmos para elaborar este plan de axuste coas recomendacións que nos fan dende intervención e co contexto que temos. Creo que Lucía explicou ben que non é que se reduza no orzamento senón que se reduce naquelas partidas onde se sobrepasou o gasto orzamentado, non ten sentido quitar daquelas partidas nas que non se gastou ou se gastou moi pouquiño por encima e deixar as partidas nas que o gasto se pasou. Todos temos claro, ademais porque somos transparentes, todo o contrario do que di o Partido Popular, non pode dicir que a información que se deu nun pleno ou que se dan nos plenos non é a correcta, porque non é certo. O compañeiro do Partido Popular participa na aprobación das contas anuais, na aprobación dos orzamentos, esa documentación, eses expedientes se traen todos a aprobación do pleno, quen engana a quen si todo está en papeis, con informes de intervención, de secretaría. Non pode dicir o Partido Popular que o equipo de Goberno ven aquí a enganar a ninguén, porque todos os expedientes económicos pasan por este pleno no que están representantes dos tres partidos políticos que formamos a Corporación.

Tiñamos que adherirnos, como ben dicía a compañeira Lucía, hai Concellos que se teñen que adherir de xeito obrigatorio pola súa situación económica, hai outros Concellos que o podemos facer voluntariamente e cada un tomará a decisión que cree correcta, É verdade que un tema como este é desagradable porque un plan de axuste leva a ter que subir ingresos e baixar gastos, creo que a ningún equipo de goberno lle gusta subir os impostos e tomar unha medida tan impopular como subir os impostos á veciñanza, pero hai momentos nos que hai que facelo. Insisto en que non é solución definitiva, pero é que hai que tomar a solución definitiva e a que os Concellos teñan a financiación necesaria para os servizos que demanda a cidadanía.

Creo que este equipo de goberno estivo a altura en pandemia en todas as áreas, tivemos que facer igual que empresas e particulares, tomar moitísimas decisión e moitísimas medidas, moitísimas xestións para protexer ás persoas que é o máis importante que temos que facer dende unha Corporación local. Non sei si o compañeiro do Partido Popular pretendía que cando se estivera en pandemia os Concelleiros marcharan para a casa e abandonaran á xente e á veciñanza, non sei si esa era a proposta que facía o Partido Popular, pero creo firmemente que calquera



dos concelleiros e concelleiras que formamos parte desta Corporación o primeiro que pensamos cando estivemos en pandemia era en dar o callo, estar ao lado da xente, tomar as medidas dentro das posibilidades que tiñamos que non foi fácil, foi moi duro, para protexer a vida das persoas no que nos humildemente podíamos facer dende o Concello, co cal, creo que esa ultima parte da exposición está totalmente fora de lugar. Polo demais, as dedicacións, o traballo polo que nos merecemos o soldo que recibimos por este servizo público á cidadanía creo que ese é un debate que a xente valorará dentro de dous meses nas eleccións municipais e non é o debate que corresponde aquí hoxe. Creo que cada un de nós é responsable e defende o soldo que cobra e o traballo que fai a diario neste Concello por e para a xente.

Sra. Pereira González: Como non ía ser de outra maneira, cando falamos de asuntos económicos o Partido Popular non está de acordo, continuamente critican o exceso de gasto, pero neste caso estamos propoñendo unha redución do gasto e non lles parece ben, continuamente critican o excesivo recoñecemento extraxudicial de crédito e agora que temos a oportunidade de optar a un préstamo para pagar o recoñecemento extraxudicial de crédito, para pagarlle aos provedores e iniciar o ano coas partidas limpas, tampouco lles parece ben, non xestionou tan brillantemente o Partido Popular o Concello no eido económico para agora estar tan puntillosos. Acollese ao plan de pago parece acaído pero o plan de axuste non, claro ,pero é que a vida é así, hai que coller o bo e o malo.

Evidentemente este plan de pago a provedores é unha solución temporal, o problema real é a falta de financiación e o exceso de competencias. Falan de que é o crédito máis grande da historia, tamén é certo que nos últimos anos os gastos se incrementaron de maneira importantísima coa pandemia, coa subida de prezos xeneralizada, de verdade que si que é unha axuda, pero non serve de moito que cada dez anos se elabore un plan de axuda, un plan de rescate aos Concellos para aportarnos un crédito que hai que devolver e que ademais leva parellas unhas exixencias moi altas, cando esta situación se repite no tempo continuamente, cando esta situación é xenérica de todos os Concellos, porque isto non é unha cuestión puntual de Salceda, é porque algún problema hai detrás. Os Concellos necesitamos vías de financiación directas, os nosos recursos non chegan para a cantidade de servizos que se prestan sen cargar todo o peso sobre a veciñanza. Hai un documento moi clarificativo no expediente, non sei si o viron, un documento sobre o custe dos servizos municipais, custo real dos servizos municipais 1.900.000€, ingresos recibidos escasamente 500.000€, é sinxelamente insostible. Non podemos sobrevivir a base de migallas, necesítase financiación real, non obstante, mentres non hai outra cousa benvidas sexan as migallas que os van a permitir poñernos ao día coa nosa situación económica.

A dúbida que tiña o Partido Popular sobre as facturas, as facturas que se poden incluír con cargo a este crédito son todas as que estean sen pagar ata a data límite de subida de facturas, ata mediados de abril se poden subir as facturas ata ese día



incluído as de xaneiro ou de febreiro o que nos vai a permitir poñer o orzamento a cero. Non falamos de redución de partida no orzamento, falamos de redución de gasto. No caso de pavimentación a partida é de 119.000€ e o gasto foi de 360.000€, polo tanto propónse un aforro de 170.000€ e mantense eses 120.000€ na partida. Como sempre, cando falamos de asuntos económicos poñen a súa visión catastrofista do fin do mundo e lémbrolles que no 2012 houbo un plan de axuste e o Concello seguiu funcionando con normalidade. Non queda outro remedio que facer da necesidade virtude e tirar de imaxinación e axustar o cinturón, como se soe dicir. Non me gusta Santi que te bases en datos de firma de documentos, porque antes de subir un documento a xestión, que é a plataforma de traballo, hai moito traballo previo detrás. Dende o día 28 que empezou a funcionar a plataforma, a Interventora estivo introducindo datos sen descanso durante días para saber en que parámetros nos tiñamos que mover. Non nos podemos basear na data da firma dun documento porque antes da firma hai moito traballo previo detrás. Xa para rematar, pedirche que consideres o vocabulario que utilizas no pleno porque as veces utilizas expresións que son certamente desagradables, xa non por respecto a nós como Concelleiros e compañeiros, senón por respecto a esta institución.

Sr. Rodríguez Davila: A realidade doe e cando un non quer escoitar a realidade entón intenta desviar a atención. Sra. Alcaldesa, dicía vostede en outubro do ano 2021 “os datos de tesourería e de liquidez poñen de manifesto a xestión rigorosa do equipo de goberno, a pesar do aumento de gasto que nos supuxo a xestión na pandemia”. Isto o dicía vostede porque o titular era “O Concello de Salceda ten a débeda máis baixa da historia”. Como cambiou o conto Sra. Alcaldesa. A realidade é moi tozuda e a verdade é a que é. Poderíamos traer aquí moitos titulares de prensa dos últimos anos, non deste mandato senón dos anteriores, onde parte do goberno actual forma parte deses gobernos onde se nos dicía que era todo súper maravilloso e a realidade é a que é.

Unha vez máis estamos aquí pedindo un préstamo, o maior da historia para pagar facturas sen pagar e nós unha vez máis intentando ser coherente e aínda así nos equivocamos, dicimos unha vez máis que este equipo e eu como portavoz e candidato a ostentar a Alcaldía de Salceda de Caselas, os recoñecementos extraxudicial de créditos húbosos, hainos e os haberá, iso o dixemos sempre e o volvemos a dicilo, unha cousa é un recoñecemento de 300.000, 400.000, 500.000 euros e outra cousa é 2.000.000 euros que trouxeron vostedes aquí no último ano, iso é o que non é viable, nin sostenible, iso é que algo falla. Vostedes bótanlle a culpa á falta de financiamento aos Concellos, podemos estar de acordo, pero que pasa que de 61 Concellos da provincia, tan só 10 poden optar voluntariamente a isto e aos demais non lles din nada, de 61, 10 voluntarios e 4 obrigatorios, que pasa que os demais van sobrados economicamente, fan malabares? A realidade é que hai que ser coherentes e sensatos, a realidade é que hai que tomar medidas, claro que é difícil xestionar, claro que que é difícil manter as contas equilibradas, por suposto, por iso eu digo que os REC van a existir sempre pero unha cousa é un REC razoable, sensato ou puntual e extraordinario por motivos xustificados de que temos que facer unha



inversión extra, polo que sexa dunha infraestrutura, dunha desgracia, etc... e outra cousa é o que pasa reiteradamente neste Concello nos últimos anos, que todos os anos hai recoñecementos estratosféricos. É imposible manter unhas arcas públicas administrativas locais xestionadas como están facendo vostedes, pero si son o Goberno máis caro de Galicia tendo en conta o orzamento e a poboación, pero si é unha barbaridade comparativamente con concellos limítrofes como Tui, Mos, O Porriño, comparando o orzamento e a poboación que xestionan, si vostedes veñen a aquí a vivir do Concello e iso non é posible, é insostenible e iso hai que tomar medidas e reduci-lo, pero niso non tocan nada, subimos os impostos aos veciños, as taxas, a recadación toda a que é posible e resulta que onde hai que tocar e axustar en publicidade, marketing, coste do goberno, etc... non tocamos nada. Iso é o que vostedes fan e moléstalles que nós o digamos, pois vamos a seguir dicíndoo.

Vai a haber outro recoñecemento extraxudicial de crédito si ou non? De canto? Vostedes saben a día de hoxe as facturas que entraron por rexistro, vostedes teñen o dato, porque non o dín? É suficiente este préstamo de 2,2 para facer fronte a todas as facturas si ou non? Si, perfecto, vamos a velo. Vostedes van a deixar máis débeda, máis impostos, máis préstamos, máis axustes que van a pagar os veciños, maior recadación de taxas que pagan os veciños, récord dos importes do REC, récord histórico de impostos, récord histórico de taxas, récord histórico de custe do goberno municipal e vostedes van deixar tamén menos poder adquisitivo nas familias salcedenses, van deixar vostedes menos cartos nas economías familiares, van deixar vostedes menos recursos aos veciños para mercar no comercio local, van deixar vostedes menos posibilidades para que os veciños poidan construír, obrar, porque vostedes van subir outra vez as taxas municipais das licencias. Vostedes como lle dixen nunha ocasión e lle volvo a dicir, si vostedes estiveran no sector privado estarían destituídos fulminantemente, despedidos pola súa nefasta xestión, porque vostedes non son rigorosos, vostedes non son realistas, e vostedes non asumen a realidade e a realidade a veces, como din vostedes, hai que tomar medidas, por suposto, pero non esperar a estar no precipicio, hai que tomalas antes, hai que planificar e vostedes non fan nada diso, vostedes están no precipicio e logo entón digan e botan o salvavidas de salvase quen poida, así non. Un concello non se xestiona así, por iso nós dicimos que si somos goberno vamos a intentar xuridicamente modificar ese plan de axuste que vostedes van a aprobar. Nós non estamos de acordo con ese plan de axuste, é posible outro plan de axuste, por iso nós si somos goberno vamos a modificalo si nolo permiten e vamos a reducir onde hai que reducir e vamos a intentar facer o mínimo esforzo para os veciños e as veciñas, por iso vostedes en catro anos incrementaron o coste en 265.000€ mentres nós vamos a reduci-lo, vostedes en 16 anos goberno bipartito aumentaron en máis de un millón de euros o coste do goberno e nós o que dicimos é que un concello é coma un coche, un concello non pode ser dirixido e xestionado por catro mans ao igual que un coche porque ao final acabase estrellando e o que acaban de facer vostedes con este concello, xestionado por catro mans, acaban de estrellar o Concello. Vostedes dixeron que eran o mellor goberno posible naquel triste e lamentable pacto na rampla do auditorio de fai catro anos, ao final lamentablemente



lles saliou moi caro aos salcedenses e a realidade é tozuda e ponlle ante o espello os salcedenses, estou convencido de que xa saben por fin a quen teñen e espero humildemente que non lle dean unha nova oportunidade porque isto seguirá a peor se seguen a partir de maio.

Sra. Pereira González: Estes dous millóns dan para cubrir o que falta do REC por aprobar, hai unha parte que xa está aprobada, dan para cubrir e mas facturas de gasto corrente deste ano pero iso non quita que haxa que traelo a pleno, aprobar en pleno o recoñecemento extraxudicial de crédito.

Sra. Castiñeira Alén: Movemento Salceda vai a apoiar esta proposta da Alcaldesa pero non me deixa de sorprenden que vostedes, Joaquín, Santi, levan moitísimo tempo coa cantinela do REC, coa cantinela de que hai que pagar, de que se gasta moito e fíxese que eu nin sequera llo vou desmentir, pero si lle vou dicir que se gasta porque se precisa e porque hai que atender demandas, peticións veciñais e incluso peticións que vostedes traen a estas sesións plenarias. Quero pedirlle, non sei si é moito pedirlle, ao portavoz do Partido Popular, Santi, que sexa sincero, a min dáme a impresión de que vostede esta aplaudindo coas orellas con esta medida, o que pasa é que non é sincero e ten que facer o seu papel político, o seu mitin político.

Eu o que creo é que isto é unha oportunidade e creo ademais que si vostede non dixera que non é unha oportunidade non acabaría de entendela por responsabilidade e por coherencia. Este non é un plan só deste goberno, este é un plan para Salceda. Faltan exactamente dous meses para unhas eleccións, e como digo, é un plan para Salceda, para o goberno que se forme despois desas eleccións pode estar vostede, pode estar eu e lle aseguro que me encantaría estar e farei todo o posible por estar, basicamente porque despois desta solución gustaríame ser eu quen xestione o Concello, para min é unha gran oportunidade, supoño que vostede non a ve. Creo firmemente que si lle tocase gobernar a vostede faría exactamente o mesmo. Ademais quixera dicir que eses euros de desfase que nalgúns partidas dixo a miña compañeira Lucía en vías e obras, reafírmome e están ben gastados, porque son peticións de moitos veciños e veciñas que en todos estes catro anos se dirixiron a min, son peticións que requiren ser atendidas e que son peticións as que hai que darlle solución.

Tamén quixera dicirlle, Santi, que non xeneralice cando fai esas expresións tan contundentes e tan mitineras e que cando dicíamos que había superávit, debería crernos, pero xa que non nos cree, crea ao equipo técnico ou tamén son falsos? Falsean a documentación os técnicos deste concello? Ademais mestura todos, mestura anos, creo que nin tan sequera leu o informe de intervención, sei que tiveron pouco tempo pero eu tamén estiven onte ata altas horas lendo toda a documentación, que o tempo meu tamén é xusto e pon claramente *“la posibilidad habilitada de acogerse a este sistema de pago es beneficioso para el ayuntamiento esto se fundamenta en que el 31/12/2022 se produjo un fuerte incremento de la cuenta 413 alcanzando su saldo un importe superior a los 2.000.000€”*. Non faga



unha mestura de todo, sexa un pouquiño máis rigoroso. Vale que todos teñamos ganas de entrar en campaña, en acción, pero xa chegará, xa haberá tempo para todo. Está claro vostede o que tiña defender como representante dos veciños e veciñas de Salceda é o maior financiamento para os concellos que asumen competencias impropias e que nos afogan, educación por exemplo, sabe vostede canto gastou este concello en educación? 324.637 euros, excedéndose da partida orzamentaria en 175.818 euros. Podería dicir outro tanto de deportes, podería dicir outro tanto de pavimentación, maior financiamento, defenda vostede aos veciños e veciñas de Salceda e o que necesitamos é o maior financiamento para que isto non suceda. Non pode haber solucións temporais que veñan cada ciclo, ten que haber unha solución real para atender ás necesidades reais dos nosos veciños porque así seguro que podemos atender esas necesidades de saneamento, esas necesidades do CEIP Altamira novo, esas necesidades de mellora das temperaturas do CRA, moitísimas que temos pendente e que evidentemente non existe financiación incluso non sendo competencia para elas.

Sra. Alcaldesa: Voltamos ao punto de partida, xa houbo un plan de axuste, volve a haber outro plan de axuste. O necesario é maior financiamento, tamén é necesario maiores axudas doutras administracións, estou pensando nun claro exemplo, ademais está estes días na prensa, os concellos temos pouca financiación e a realidade mírase nas nosas contas e mírase nas contas doutros concellos, non só no noso, pero hai despois gobernos que poden botarlle unha man aos concellos como está facendo agora mesmo o Goberno do Estado con esta plan de axuste para poder axudar a que a veciñanza teña os servizos necesarios, para que os concellos teñamos a financiación necesaria para poder seguir prestando servizos na calidade que a veciñanza se merece. Despois están outros gobernos, como pode ser o da Xunta, que ten que declarar zona de emerxencia, sae a Deputación sen competencias ningunhas a dar axudas as Concellos que sufrimos as inundacións do día 1 de xaneiro e do Nadal que tivemos que nós dar reposta inmediata e aínda a que nos queda que dar, que temos zonas como Loureiro en Picoña ou como son as sendas do municipio que hai que facerlle fronte para o que necesitamos un orzamento moi grande, sae a Deputación a dar axudas e onte no Parlamento Galego, o mércores a Xunta de Galicia din que eles non. Entón creo que cando se fai un discurso tan esperanzador de si o Partido Popular goberna Salceda vai facelo todo moi ben e vai a gastar moito menos, non sei si será porque o Partido Popular despois vai ter axuda da Xunta e nós non a temos, por exemplo, para situacións de emerxencia como as que vivimos, a esas situacións hai que darlle resposta e a esas situacións o Concello de Salceda lle deu resposta co orzamento municipal, esas cousas tamén figuran nas contas dos concellos e concretamente no noso, que sufriu moitísimos danos. Por certo, a Xunta de Galicia así non deixa só ao Concello, deixa de lado á veciñanza, particulares que sufriron esas situacións e tamén ás empresas, entón creo que cando se fai un discurso, un discurso dese xeito hai que dicilo todo. Voltamos ao mesmo, a cuestión é un pobo de 9.500 habitantes en pleno crecemento cun montón de demandas que atender e un orzamento corto, un orzamento pequeno, iso ten que cambiar porque senón non se poden dar os servizos á cidadanía, a cidadanía demanda servizos de



atencións, atención psicolóxica, atención temperá, servizos en educación, servizos deportivos, instalacións deportivas, un montón de demandas que é lóxico que as fagan. Nós temos que darlle resposta, outras administracións que deben darlle non llas dan, temos que suplilos e agora temos que escoitar que o Concello gasta moito nos servizos á cidadanía. O Concello debería ter posibilidades para poder gastar máis en servizos á cidadanía que é o que debemos facer, mellorar a vida das persoas a través dos servizos que presta o Concello, porque son a nosa obrigaón en moitas ocasión e en moitas outras son obrigaóns doutras administracións que non atenden.

Sr. Rodríguez Davila: Xa vemos que na súa intervención aportou moito á cuestión que nos trae hoxe aquí, unha vez máis recrimínalle aos demais o que vostede non se aplica. Vostede non di a verdade porque vostede tivo estes días unha notificación da Xunta dicindo claramente que a Xunta vai a axudar sempre e cando outras administracións axuden, pero aquí culpamos aos demais pero non queremos, que ten que ver a declaración de risco de axuda de zona afectada gravemente para que haxa un plan de axudas por todas as administracións? Nada ten que ver, calquera administración pode sacar un plan de axudas que considere, Deputación, Concello e a Xunta, todos, polo tanto non está dicindo a verdade. Vostede alardea moito de servizos que se están prestando en Salceda e nós nos alegamos que de se estean prestando pero ten que dicir a verdade. A aula temperá, quen financia a aula temperá, quen pon os profesionais, quen pon 313.000€? Vostedes ata ás notificacións oficiais en carteis lle poñen o logo do SC, cando resulta que non poñen un só euro en certos programas, cursos, que financia a Xunta e vostedes teñen a cara dura de poñerlle a SC, cando hai programas doutras administracións onde vostedes non poñen un só euro e teñen a cara dura de poñer iso sen consentimento.

Dicía a Sra. Dolores Castiñeira que parece que eu estou aplaudindo o día de hoxe, eu non estou aplaudindo e si eu non estou aplaudindo imaxínese como están os veciños escoitando do seu goberno que lle vai subir os impostos despois de sufrir o catastrazo, despois de escoitar que lle van a subir as taxas municipais, despois de ver como no son capaces de facer un plan de axuste realista, sensato e coherente e tocar todas as partidas onde se poden reducir, por iso nós non estamos de acordo con ese plan de axuste, por iso nós dicimos que si somos goberno a partir de maio vamos a intentar modificar, si nolo acepta o Ministerio, ese plan de axuste e traeremos o noso plan de axuste a este pleno para dicirle a vostedes que é posible facer outro plan de axuste. Por suposto que ao mellor hai que tomar medidas ingratas, non digo que non, pero non todas, o que hai é que tomar medidas equilibradas, ao mellor haberá que pedir un pequeno esforzo aos veciños, pero non todo o esforzo aos veciños e haberá que tomar medidas contundentes no gasto improdutivo do goberno actual de Salceda e vostedes en iso non o fan.

Din vostedes que nós faríamos o mesmo si estiveramos gobernando, fariámolo parecido no sentido de que unha cousa é financiar o que o Concello non pode pagar ao día e outra cousa é deixar que o coche estea no precipicio total e non tomar



medidas antes, iso é o que nós non deixaríamos que sucedese con este Concello, que é estar no precipicio e logo ter que tomar esta medida contundente que logo van a pagar os veciños. Por iso nós non estamos de acordo co plan de axuste, nós non estamos de acordo con que os veciños teñan que pagar os pratos rotos e a mala xestión deste goberno, nós non vamos a apoiar ese plan de axuste e nós non vamos a permitir, por iso o dicimos claro é alto que este goberno saia pola tanxente e non asuma a súa responsabilidade. A responsabilidade é única e exclusiva, son de vostedes que son os que gobernan neste Concello nos últimos dezaseis anos, deixan vostedes máis débeda, máis impostos, máis préstamos, van facer un axuste que van a pagar os veciños, maior recadación de taxas, maior recadación de imposto, menos servizos, récord histórico de recoñecemento extraxudicial de crédito, récord histórico de taxas municipais e récord histórico do custe dun goberno municipal que a todas luces é unha ruína para os veciños.

Non nos merecemos outros catro anos deste goberno porque quedou manifesto e claramente que a xestión económica a teñen que sufrir, padecer e pagar os veciños e hai outro xeito de gobernar, non dicía vostede iso Sra. Alcaldesa? O outro xeito de gobernar que é subir impostos, hipotecar o Concello e que os veciños paguen o sarao e a festa do goberno municipal, así non vamos ben e por iso me comprometo a que si son alcalde tomaremos medidas contundentes para que os veciños sufran o menos posible e non teñan que como sempre pagar os pratos rotos dun goberno irresponsable que non fixo os deberes en tempo e forma.

Sra. Alcaldesa: Sobre o plan de axuste xa se falou todo o que había que falar, só dous apuntes ao último que dixo. Un tema que nos preocupa, porque vai aos orzamentos do noso Concello que xa tivemos que facer fronte a moitas cuestións e seguímolas facendo e si que ten que ver que a Xunta de Galicia declare zona de emerxencia social, non só para os concellos, é que as empresas quedan desprotexidas e recibirían moitas máis axudas se tiveran a emerxencia civil declarada, o que pasa é, que o que hai é que preocuparse polas situacións de emerxencia no momento e despois e estudar ben e traballar para poder buscarlle solucións e iso vostedes non o fixeron quedáronse con que a Xunta de Galicia dicía na prensa e non o fixeron, nesa carta tan entretida que nos mandou o Sr. Rueda non sei si é a Alcaldesa quen ten que convocar a Deputación, ao Goberno de España para as axudas ou corresponde que a Xunta de Galicia debe convocar e solucionar o tema.

Por outra banda non se está pedindo todo o esforzo á veciñanza, iso non é certo e nós baixamos o IBI nun momento no que se estaba cobrando atrasos e durante este ano se vai a manter, porque se estaban cobrando atrasos e creo que remata neste 2023 para paliar esa situación, co cal no é certo. Non se pode vir aquí a maquillar as cousas para que soen doutra maneira, porque iso non é certo así. Como lle dicía antes a portavoz de Movemento Salceda, que confunde algúns conceptos unha cousa é un superávit dun orzamento e outra cousa é a débeda financeira. Outra cousa, a débeda que vostede está a falar, quero dicir que hai que aprenderse os conceptos, estudar os conceptos e despois vir a pedir explicacións sobre os mesmos



porque o que dicías da nota de prensa nada ten que ver co que tratamos hoxe aquí e non hai para nada un dato enganoso, porque están nos informes dos departamentos que deben estar. Paso a dar lectura as dúas propostas de acordo e proceder a súa votación por separado:

“PROPUESTA DE ACUERDO

ASUNTO: Solicitud de adhesión al Plan de pago a proveedores y presentación del Plan de ajuste.

PRIMERO.- NORMATIVA APLICABLE.

.-Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2023.

.- Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local (LBRL).

.- RDL 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locais (TRLRFL).

.- R.D. 500/1990, de 20 de abril, por el que se desarrolla parcialmente la Ley Reguladora de las Haciendas Locais.

.- Orden 3565/2008, de 3 de diciembre de 2008, del Ministerio de Economía y Hacienda, por la que se establece la estructura de los Presupuestos de las Entidades Locais.

.- Orden HAP/1781/2013, de 20 de septiembre, por la que se aprueba la Instrucción Modelo Normal de Contabilidad Local.

.- Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.

.- Extracto del acuerdo adoptado por la Comisión delegada del Gobierno para asuntos económico de 6 de febrero de 2023.

SEGUNDO.- El acuerdo adoptado por la Comisión delegada del Gobierno para asuntos económicos de 6 de febrero de 2023 reguló el procedimiento y asignación para 2023 de los importes correspondientes al compartimento Fondo de ordenación, del Fondo de financiación la entidades locais, para atender obligaciones pendientes de pago a proveedores de determinadas entidades locais.

TERCERO.- El Ayuntamiento de Salceda de Caselas aparece como una de las entidades que se puede acoger de forma voluntaria a este procedimiento.

La posibilidad habilitada de acogerse a este sistema de pagos es beneficioso para el Ayuntamiento; esto se fundamenta en que a 31.12.22 se produjo un fuerte incremento de la cuenta 413 (acreedores por operaciones pendientes de aplicar al presupuesto), alcanzando su saldo un importe superior a los 2.000.000,00 €.

La mayor parte de dicho saldo nace de obligaciones indebidamente adquiridas (en particular gastos realizados sin la oportuna propuesta de gasto, emisión de



documento de retención de crédito y autorización del gasto).

Esta realización de gastos sin crédito en el ejercicio 2022 provoca que haya que imputarlos al presupuesto de gastos de 2023 a través del oportuno expediente de reconocimiento extrajudicial de crédito, teniendo como consecuencia una merma de los créditos para este año.

Es justo este punto lo que justifica la conveniencia de adherirse al plan de pago a proveedores, por cuanto que la formalización del préstamo permitirá financiar el reconocimiento extrajudicial de crédito sin necesidad de reducir los créditos para gastos de este ejercicio.

CUARTO.- La primera consecuencia de acogerse al plan de pago es la necesidad de presentar el plan de ajuste. Para iso, la primera obligación pasa por calcular el cuadro de amortización del préstamo que deberá formalizarse; todo iso teniendo en cuenta la necesidad de calcularlo sobre la cuantía máxima permitida y sobre la base de una estimación de un tipo de interés del 3,5%.

Solo cuando los datos sean efectivos podremos calcular de forma efectiva el cuadro de amortización y, si fuera necesario, proceder a modificar de nuevo el plan de ajuste.

Por tanto, el cuadro de amortización será el siguiente:

- Capital máximo: 2.203.230,00 €.
- Tipo de interés: 3,5%.
- Plazo: 12 años.
- Período de carencia: 4 años.
- Cuotas de amortización constantes.



Año	Capital vivo	Cuota amortización	Interés	Anualidad	Capital restante
2023	2.203.230,00	0,00	0,00	0,00	2.203.230,00
2024	2.203.230,00	0,00	77.110,00	77.110,00	2.203.230,00
2025	2.203.230,00	0,00	77.110,00	77.110,00	2.203.230,00
2026	2.203.230,00	0,00	77.110,00	77.110,00	2.203.230,00
2027	2.203.230,00	0,00	77.110,00	77.110,00	2.203.230,00
2028	2.203.230,00	275.400,00	77.110,00	352.510,00	1.927.830,00
2029	498.750,00	275.400,00	67.470,00	342.900,00	1.652.430,00
2030	427.500,00	275.400,00	57.830,00	333.260,00	1.377.030,00
2031	356.250,00	275.400,00	48.200,00	323.630,00	1.101.630,00
2032	285.000,00	275.400,00	38.560,00	313.990,00	826.230,00
2033	213.750,00	275.400,00	28.920,00	304.350,00	550.830,00
2034	142.500,00	275.400,00	19.280,00	294.710,00	275.430,00
2035	71.250,00	275.400,00	9.640,00	285.070,00	0,00

Como se puede comprobar, será en el ejercicio 2028 cuando el nuevo préstamo producirá una mayor carga financiera (352.510,00 euros).

Vistas las actuales magnitudes presupuestarias, tanto el ahorro bruto como el ahorro neto así como la capacidad/necesidad financiación se hace necesario incluir medidas de ahorro de gastos o de incremento de ingresos en el actual plan de ajuste; por lo tanto, el nuevo Plan de Ajuste se ha realizado con el objetivo de añadir el nuevo préstamo, así como de actualizar las estimaciones de derechos reconocidos y obligaciones reconocidas de cada ejercicio.

Por todo el anterior, se eleva la siguiente,

Propuesta de acuerdo:

1. Solicitar la financiación puesta a disposición de este Ayuntamiento a través del acuerdo adoptado por la Comisión delegada del Gobierno para asuntos económico de 6 de febrero de 2023.
2. Aprobar el Plan de ajuste que se adjunta a este expediente.
3. Remitir a la Secretaría General de Financiación Autonómica y Local del Ministerio de Hacienda y Función Pública el Plan de ajuste para su valoración.

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta **APROBADA** por **SETE** votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(3) e **CATRO VOTOS EN CONTRA** dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte **ACORDO:**



PRIMEIRO: Solicitar la financiación puesta a disposición de este Ayuntamiento a través del acuerdo adoptado por la Comisión delegada del Gobierno para asuntos económico de 6 de febrero de 2023.

SEGUNDO: Aprobar el Plan de ajuste que se adjunta a este expediente.

TERCEIRO: Remitir a la Secretaría General de Financiación Autonómica y Local del Ministerio de Hacienda y Función Pública el Plan de ajuste para su valoración.

PROPUESTA DE ACUERDO

ASUNTO: Formalización del préstamo con el Fondo de Financiación a Entidades Locais, compartimento Fondo de Ordenación.

PRIMERO.- NORMATIVA APLICABLE.

.- Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2023.

.- Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local (LBRL).

.- RDL 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locais (TRLRFL).

.- R.D. 500/1990, de 20 de abril, por el que se desarrolla parcialmente la Ley Reguladora de las Haciendas Locais.

.- Orden 3565/2008, de 3 de diciembre de 2008, del Ministerio de Economía y Hacienda, por la que se establece la estructura de los Presupuestos de las Entidades Locais.

.- Orden HAP/1781/2013, de 20 de septiembre, por la que se aprueba la Instrucción Modelo Normal de Contabilidad Local.

.- Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.

.- Extracto del acuerdo adoptado por la Comisión delegada del Gobierno para asuntos económico de 6 de febrero de 2023.

SEGUNDO.- El acuerdo adoptado por la Comisión delegada del Gobierno para asuntos económicos de 6 de febrero de 2023 reguló el procedimiento y asignación para 2023 de los importes correspondientes al compartimento Fondo de ordenación, del Fondo de financiación la entidades locais, para atender obligaciones pendientes de pago a proveedores de determinadas entidades locais.

TERCERO.- El Ayuntamiento de Salceda de Caselas aparece como una de las entidades que se puede acoger de forma voluntaria a este procedimiento.

La posibilidad habilitada de acogerse a este sistema de pagos es beneficioso para el Ayuntamiento; esto se fundamenta en que a 31.12.22 se produjo un fuerte



incremento de la cuenta 413 (acreedores por operaciones pendientes de aplicar al presupuesto), alcanzando su saldo un importe superior a los 2.000.000,00 €.

La mayor parte de dicho nace de obligaciones indebidamente adquiridas (en particular gastos realizados sin la oportuna propuesta de gasto, emisión de documento de retención de crédito y autorización del gasto).

Esta realización de gastos sin crédito en el ejercicio 2022 provoca que haya que imputarlos al presupuesto de gastos de 2023 a través del oportuno expediente de reconocimiento extrajudicial de crédito teniendo como consecuencia una merma de los créditos para este año.

Es justo este punto lo que justifica la conveniencia de adherirse al plan de pago a proveedores, por cuanto que la formalización del préstamo permitirá financiar el reconocimiento extrajudicial de crédito sin necesidad de reducir los créditos para gastos de este ejercicio.

CUARTO.- En este momento no es posible determinar las condiciones definitivas del préstamo que se va a formalizar, por cuanto que la cuantía definitiva dependerá de que los proveedores acepten cobrar a través de este sistema.

Por lo tanto, se aportarán los datos que maneja el Ministerio para calcular el cuadro de amortización del préstamo que deberá formalizarse; todo esto teniendo en cuenta la necesidad de calcularlo sobre la cuantía máxima permitida y sobre la base de una estimación de un tipo de interés del 3,5%.

Condiciones financieras de la nueva operación:

- plazo: hasta 31 de marzo de 2035.

- Períodos de devengo de intereses: El primer período de devengo de intereses se inicia, para cada disposición, en la fecha de la misma y finaliza el 31 de marzo de 2024. A partir de 31 de marzo de 2024 los períodos de interés tendrán una duración anual y el período de devengo de cada año finalizará el 31 de marzo del año siguiente.

- Interés: A las operaciones que, en cumplimiento de este Acuerdo, se formalicen en el año 2023 con cargo al Fondo de Financiación a Entidades Locais, se les aplicará un mismo tipo de interés fijo equivalente al rendimiento medio de la Deuda Pública del Estado a plazo equivalente, calculado siete días antes de la fecha de firma del primero contrato con cargo al Fondo de Financiación la EELL como el promedio de las referencias TARGET-2 obtenidas los tres días hábiles anteriores a dicha fecha de cálculo.

- Esquema de amortizaciones: Para las operaciones formalizadas en aplicación del



presente Acuerdo se establece un período de carencia de 4 años. La amortización del principal será lineal y anual, comenzando en marzo de 2028 y concluyendo en marzo de 2035, ambos inclusive. Durante el período de carencia se satisfará el pago de intereses. Las fechas de pago de principal coincidirán con las fechas de pago de intereses a partir de la finalización del período de carencia.

Por tanto, el cuadro de amortización será el siguiente:

- Capital máximo: 2.203.230,00 €.
- Tipo de interés: 3,5%.
- Plazo: 12 años.
- Período de carencia: 4 años.
- Cuotas de amortización constantes.

Año	Capital vivo	Cuota amortización	Interés	Anualidad	Capital restante
2023	2.203.230,00	0,00	0,00	0,00	2.203.230,00
2024	2.203.230,00	0,00	77.110,00	77.110,00	2.203.230,00
2025	2.203.230,00	0,00	77.110,00	77.110,00	2.203.230,00
2026	2.203.230,00	0,00	77.110,00	77.110,00	2.203.230,00
2027	2.203.230,00	0,00	77.110,00	77.110,00	2.203.230,00
2028	2.203.230,00	275.400,00	77.110,00	352.510,00	1.927.830,00
2029	498.750,00	275.400,00	67.470,00	342.900,00	1.652.430,00
2030	427.500,00	275.400,00	57.830,00	333.260,00	1.377.030,00
2031	356.250,00	275.400,00	48.200,00	323.630,00	1.101.630,00
2032	285.000,00	275.400,00	38.560,00	313.990,00	826.230,00
2033	213.750,00	275.400,00	28.920,00	304.350,00	550.830,00
2034	142.500,00	275.400,00	19.280,00	294.710,00	275.430,00
2035	71.250,00	275.400,00	9.640,00	285.070,00	0,00

Por todo el anterior, se eleva la siguiente,

Propuesta de acuerdo:

Autorizar y formalizar la operación de préstamo con el Fondo de Financiación a Entidades Locais, compartimento Fondo de ordenación, de acuerdo con las condiciones prevista en el expediente y que podrán variar en función de los proveedores que acepten el cobro a través de este mecanismo.

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta APROBADA por SETE votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(3) e CATRO ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte ACORDO:



Autorizar y formalizar la operación de préstamo con el Fondo de Financiación a Entidades Locais, compartimento Fondo de ordenación, de acuerdo con las condiciones prevista en el expediente y que podrán variar en función de los proveedores que acepten el cobro a través de este mecanismo.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

